

PROGRAMA AGADER

Grupo de Acción Local:	Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños
Xestión Técnica:	Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños
Ámbito territorial:	Carballo, Coristanco, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Ponteceso.

DESCRICIÓN

O programa de desenvolvemento rural AGADER foi concibido como un instrumento para a diversificación económica e o desenvolvemento do medio rural, baseado nos principios de desenvolvemento endógeno, integrado e sostido.

OBXECTIVOS

O obxectivo principal do programa é contribuír ó desenvolvemento rural integrado da zona, a través da aplicación das medidas sinaladas máis adiante.

Este programa establece os seus obxectivos estratéxicos en cinco campos diferentes:

- participación social
- melloras nas condicións e a calidade de vida
- potenciación dos recursos humanos
- medio ambiente
- mellora da actividade económica local.

Para a consecución de ditos obxectivos Bergantiños conta cun proxecto cunha estratexia centrada en propoñer a valorización dos recursos naturais e culturais como eixo de intervención prioritaria, que da sentido ás accións e medidas a desenvolver, e á vez constitúe un elemento clave para potenciar a organización de diferentes actores cara uns mesmos fins. Así mesmo, a organización dos actores en torno á Valorización dos recursos naturais e culturais contribuirán a multiplicar as oportunidades e ó bo aproveitamento do programa.

FINANCIAMENTO

O programa AGADER conta cun financiamento compartido procedente do Fondo Galego de Desenvolvemento Rural – AGADER e das achegas das Entidades Locais do territorio de actuación.

O **Orzamento total** do programa ascende á cantidade de 10.818.218,00 € e presenta o seguinte detalle:

AGADER.....	6.072.265,76 €
ADMINISTRACIÓN LOCAL.....	678.302,27 €
GASTO PRIVADO.....	4.067.649,97 €
TOTAL.....	10.818.218,00 €

PRAZO DE EXECUCIÓN

A concesión de axudas ós titulares de proxectos suxeitarase ás seguintes datas:

1. Data final de admisión de solicitudes: 1 de novembro de 2006
2. Data final de subscrición de contratos de axuda: 31 de decembro de 2006
3. Data final de execución do programa: 31 de decembro de 2008

MEDIDAS OU LIÑAS DE ACTUACIÓN

Finalmente, o proxecto se plasma nunha serie de accións integradas, que inclúen desde a prestación de servizos ás empresas; a renovación e desenvolvemento dos núcleos de poboación; a valorización da produción agraria; o fomento das pequenas empresas actividades de artesanía e de servizos; a valorización do patrimonio rural e local; e os investimentos turísticos no medio rural.



1.- Asistencia Técnica e gastos de funcionamento

2.- Prestación de servicios ás empresas

3.- Renovación, desenvolvemento e mellora de núcleos de poboación rural e do contorno

Recuperación de espacios degradados, rehabilitación e restauración da paisaxe

4.- Valorización da produción agraria

Apoio a iniciativas de transformación e comercialización de produtos locais de calidade; creación de centros de distribución; apoio ás agrupacións de produtores; promoción da produción local; busca de novos sistemas productivos e aproveitamentos que permitan protexer e manter ben o medio; utilización de enerxías alternativas, depuración biolóxica e xestión de residuos; actuacións de apoio ás prácticas ecolóxicas na agricultura; aproveitamentos racionais dos bosques, así como a valorización das producións forestais.

5.- Fomento de pequenas empresas, actividades de artesanía e de servicios

Apoio á formación en educación e xestión paisaxística e medioambiental; formación sobre o uso e aproveitamento dos recursos naturais e culturais; formación profesional vencella ás necesidades das empresas (monitor ambiental, guía turístico); apoio á organización de xornadas, seminarios,... vencellas ó medio ambiente e ó patrimonio local; apoio ó emprego para empresas vencellas ás accións do programa; creación e modernización de empresas que valoricen a economía local; recuperación de oficios artesanais.



6.- Valorización do patrimonio rural e local

Catalogación e inventario dos recursos naturais para o desenvolvemento de novas fórmulas de turismo especializado; iniciativas que perseguen o acercamento e coñecemento do medio rural pola poboación; creación de rutas diferenciadas de contido histórico – monumental, rutas turísticas, etc...; actividades de turismo industrial; deseño e implantación de novos sistemas de información global e permanente do territorio; rehabilitación e / ou restauración de bens inmoables da arquitectura tradicional, bens patrimoniais e contornos naturais, de interese turístico e cultural; actuación ligadas ós recursos naturais e á cultura local con especial referencia á valorización integral de eventos e tradicións populares, promoción, publicidade e edición de material gráfico e / ou audiovisual; Actividades de promoción de itinerarios de alto valor natural, estudos sobre a vexetación e fauna protexida ou en perigo de extinción; Fomento da cultura ecolóxica; iniciativas de integración de elementos catalogados como bens de interese cultural en actividades de natureza socioeconómica, concertos, exposicións, etc...; actividades que favorezan e potencien a cohesión do territorio.

7.- Fomento dos investimentos turísticos no medio rural

Actividades de turismo alternativo, agroturismo, turismo cultural, e turismo de natureza; investimentos en aloxamentos de alta calidade; sinalización de contornos de interese paisaxístico e elaboración de rutas temáticas; creación de centros de reserva; creación de pequenas empresas que ofrezan servizos turísticos de carácter medioambiental e cultural; actividades complementarias do turismo destinadas ó público infantil (granxas escola); investimentos en establecementos de aloxamento e restauración de alta calidade ligados ós recursos naturais e patrimoniais.

Requisitos dos proxectos para optar ás axudas: (requisitos obxectivos)

- a) *Adecuarse á natureza das medidas ás que pretende acollerse o proxecto.*
- b) *O proxecto debe ser viable técnica, económica e financeiramente.*
- c) *Non ter iniciado a inversión antes de solicita-la axuda.*
- d) *Respecta-las disposicións vixentes no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- e) *Respecta-la normativa urbanística vixente e dispor de autorizacións do Concello para instalar ou ampliar a actividade da que se trate.*
- f) *Xerar emprego.*
- g) *Contribuír á corrección dos desequilibrios territoriais e productivos da zona.*

CADRO FINANCEIRO

O cadro financeiro provisional do programa presenta o seguinte reparto por Administracións e por medidas:

Importes en Euros

MEDIDAS	TOTAL	%	Administración Autonómica	%	Administración Local	%	Privado
ASISTENCIA TÉCNICA – GASTOS DE FUNCIONAMENTO	675.056,81	87,50	590.674,71	12,50	84.382,10	0,00	0,00
PRESTACIÓN DE SERVICIOS ÁS EMPRESAS	378.751,82	78,36	296.803,87	8,54	32.353,03	13,09	49.594,92
RENOVACIÓN, DESENVOLVEMENTO E MELLORA DE NÚCLEOS DE POBOACIÓN RURAL E DO ENTORNO	1.750.664,23	78,01	1.365.691,33	8,30	145.267,59	13,69	239.705,31
VALORIZACIÓN DA PRODUCCIÓN AGRARIA	1.507.254,22	40,58	611.597,38	4,42	66.667,02	55,00	828.989,82
FOMENTO DE PEQUENAS EMPRESAS, ACTIVIDADES DE ARTESANÍA E DE SERVICIOS	2.169.653,70	47,40	1.028.327,86	5,17	112.092,61	47,44	1.029.233,23
VALORIZACIÓN DO PATRIMONIO RURAL E LOCAL	1.424.458,79	64,37	916.975,80	7,02	99.954,71	28,61	407.528,28
FOMENTO DOS INVESTIMENTOS TURÍSTICOS NO MEDIO RURAL	2.912.378,45	43,34	1.262.194,81	4,72	137.585,22	51,94	1.512.598,42
TOTAL	10.818.218,00	56,13	6.072.265,76	6,27	678.302,27	37,60	4.067.649,97



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

OBXECTIVOS

1. *Manter o potencial humano da Comarca.*
2. *Mellorar o nivel de renda e calidade de vida dos habitantes da Comarca.*
3. *Conservar e revaloriza-lo patrimonio natural e cultural da Comarca.*

Obxectivos estratéxicos:

- Mellorar o medio ambiente e a *calidade de vida* para conseguir a rexeneración dos recursos ambientais.
- Desenvolver e diversifica-lo sistema productivo, mediante programas de *apoio á utilización dos recursos propios*.
- *Incrementa-lo valor engadido dos produtos da Comarca*, xerados por procesos de transformación e comercialización que repercutan favorablemente nas *rendibles do medio rural*.
- Accións necesarias para a *explotación das grandes posibilidades turísticas* da Comarca.



AXUDAS A INVESTIMENTOS DE CARÁCTER PRODUCTIVO.

Beneficiarios:

- * Empresarios individuais..
- * Sociedades mercantís.
- * S A T.
- * Cooperativas.
- * Sociedades Laborais
- * Entes públicos de carácter local (non esixible**).

Requisitos subxectivos:

- ** * Máximo 50 traballadores.
- * Facturación non superior a 7.000.000 €
- * Balance xeral que non exceda de 5.000.000 €
- * Cando se trate de Cooperativas, S.A.T., Sociedades Laborais dedicadas á produción, comercialización e/ou transformación de produtos agrarios, os límites anteriores serán 250 traballadores, 20.000.000 € e 10.000.000 €, respectivamente.
- * O corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- * Destino do investimento 5 anos.

Restriccións:

- * Axuda máxima 54% (50% agricultura).
- * Max. 250.000 € por beneficiario.



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

AXUDAS A ACTIVIDADES NON PRODUCTIVAS.

Beneficiarios:

- * Concellos.
- * Mancomunidades.
- * Fundacións.
- * Asociacións.

Restriccións:

- * Axuda máxima 100%.

Límites:

- * Infraestructuras públicas: 500.000 €
- * Restauración e recuperacións: 500.000 €
- * Inmateriais: 100.000 €
- * Cooperación interterritorial 1.000.000€

SOLICITUDES:

Formulario de solicitud (facilitado polo Grupo de Acción Local).

DNI ou CIF do solicitante.

Número de conta do solicitante.

Proxecto ou memoria valorada, co seguinte contido mínimo:

- Descrición das actuacións ou investimentos a realizar.
- Contribución da iniciativa ó desenvolvemento da zona.
- Plano de situación
- Estudio de Viabilidade.
- Se o proxecto contempla a realización de obra civil, anteprojecto asinado por técnico competente.
- Impacto ambiental.

Declaración de outras axudas obtidas ou solicitadas.

Acreditación da propiedade ou capacidade legal de uso dos bens obxecto do proxecto.

No caso de persoas xurídicas, CIF, estatutos, composición do capital e acreditación da representación.

Cumprimento das obrigas fiscais e coa Seguridade Social.


Documentación acreditativa conforme o proxecto se adecúa á normativa local e autonómica

Documentación acreditativa do cumprimento das obrigas do programa, con respecto ós límites de facturación e empregados.

Declaracións e compromiso de creación de emprego.

PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DO PROXECTO:

ESQUEMA DO MODELO DE PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DAS AXUDAS



Fase 1: Solicitud.

Prazo de presentación de solicitudes finaliza o 1 de novembro de 2006.

Fase 2: Acta de non inicio.

Fase 3: Revisión da solicitud e subsanación de defectos.

Un mes dende a petición por parte do grupo.



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

Fase 4: Valoración e elaboración do informe técnico económico.

Persoal do grupo avalía a viabilidade económica e financeira do proxecto, e a súa adecuación ó programa.

Si se tratase dun proxecto de investimento no sector turístico, o Grupo procedería a solicitar previamente á Dirección Xeral de Turismo, informe sobre a viabilidade técnica do investimento.

Fase 5: Solicitud de informe de subvencionabilidade.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural debe realizar un dictame sobre si o proxecto pode ser financiado ou non. Para elo ten un prazo de dous meses dende a petición do grupo.

Fase 6: Resolución da axuda.

A Xunta Directiva do grupo dictaminará sobre a concesión ou denegación da axuda, e a contía da mesma, tendo en conta os informes técnicos e o dictame de subvencionabilidade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. O prazo para a concesión de axudas finaliza o vindeiro 31 de decembro de 2006.

Fase 7: Sinatura do contrato de axuda.

Unha vez recaída a resolución de concesión das axudas, o grupo e o promotor asinan un contrato coas condicións que se establecen para o cobro da mesma. Aportar fundamentalmente licenza municipal e proxecto definitivo visado. O prazo para a sinatura dos contratos finaliza o vindeiro 31 de decembro de 2006.

Fase 8: Solicitud de anticipos.

Fase 9: Seguimento e control dos proxectos.

Fase 10: Xustificación de execución.

Verificación material.

Xustificación documental da execución e do pago (por transferencia bancaria preferentemente).

Posibilidade de certificacións parciais dende 36.000 euros.

Fase 11: Pagamento das axudas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN DE PROXECTOS E BAREMO.

PROXECTOS PRODUCTIVOS:

Requisitos dos proxectos para optar ás axudas:

Quedarán excluídas as propostas que non cumpran cos seguintes requisitos obxectivos:

- Viabilidade técnica, económica e financeira.
- Adecuación da acción ós obxectivos e natureza do programa.
- Creación ou mantemento de emprego segundo o caso.
- Conservación dos recursos.
- Non ter iniciado a inversión antes de solicita-la axuda.
- Respecta-las disposicións legais vixentes no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Respecta-la normativa urbanística vixente e dispor ou estar en condicións de dispor das autorizacións do Concello para instalar ou ampliar a actividade da que se trate.

Quedarán excluídas as propostas que non cumpran cos seguintes requisitos subxectivos, ou esixibles ó titular do proxecto:

- Forma xurídica do titular: Empresarios individuais, Sociedades mercantís, S A T, Cooperativas, Sociedades Laborais, Entes públicos de carácter local, Centros Especiais de Emprego, Comunidades de Bens ou outro tipo de entidades de tipo comunal e determinado tipo de Fundacións e Asociacións.
- Ser pequena empresa nos termos da Recomendación da Comisión de 6 de maio de 2003 (2003/361/CE)
- Estar ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Executa-lo proxecto na zona de aplicación do programa definido polo territorio dos Concellos de Carballo, Coristanco, A Laracha, Malpica de Bergantiños e Ponteceso.

Seguidamente a Xunta Directiva aplicará os seguintes criterios, que se puntuarán da forma que se establece no seguinte cadro resumo dos Criterios de Selección e Baremo publicados no taboleiro de anuncios do Grupo:

CRITERIO	Puntuación
Calidade do proxecto	
Alta	7-10
Media	3-6
Baixa	0-2
Modalidade do proxecto	
Primeiro establecemento	7-10
Ampliación	4-7
Modernización	2-4
Traslado	0-2
Taxa de valor engadido	
Alta	7-10
Media	3-6
Baixa	0-2



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

Creación de emprego	Máis de 10 De 4 a 10 De 1 a 3 Mantén	7-10 3-7 1-3 0-2
Contribución a corrixir os desequilibrios territoriais e productivos	Alta Media Baixa	7-10 3-6 0-2
Carácter innovador e contribución ó desenvolvemento integral da zona	Grao de innovación Contribución o desenvolvemento da comarca	(acumulables) 0-5 0-5
Perfil dos promotores	Solvencia económico financeira Garantía Experiencia/formación relacionada coa actividade	(acumulables) 0-3 0-3 0-4
Utilización de factores productivos da zona	Alta Media Baixa	7-10 3-6 0-2
Grao de impacto ambiental	Baixo Medio Alto	7-10 3-6 0-2
Incidencia sobre colectivos especiais	Colectivo especial protección Xeración emprego mozos desempregados Xeración emprego mulleres desempregadas Proxectos atención 1ª infancia, 3ª idade ou servicios a persoas dependentes	(acumulables max. 10 ptos.) 3 2 2 7
TOTAL		

CRITERIO	PUNTOS ADICIONAIS
Promotor xoven menor de 40 anos	5
Promotora	5

TOTAL PUNTUACIÓN	
-------------------------	--

Modulación das axudas:

A Xunta Directiva aplicará os criterios expostos, que se puntuarán da forma que se establece nas táboas, sendo necesarios como mínimo 25 puntos para seren aprobado.

Para a modulación da axuda en función da puntuación obtida estarase á seguinte regra:

1. 20 % da axuda por acadar 25 puntos na baremación.
2. 0,30909 % adicional por cada punto obtido na baremación, cando se seuperen os 25 puntos.